



Galicia. A nosa economía en dixital

A sociedade da información nas empresas de Galicia.

Resumo Executivo
Edición 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA


Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2025

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons. Recoñecemento –Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

I. Introducción	Páx. 4
II. Caracterización do Sector empresarial galego	Páx. 6
III. Equipamento e conectividade	Páx. 9
IV. Talento dixital: especialistas e perfís TIC	Páx. 13
V. Dixitalización da organización e xestión das empresas	Páx. 15
VI. Tecnoloxías disruptivas	Páx. 18
VII. Ciberseguridade	Páx. 21
VIII. Gasto en TIC	Páx. 23
IX. Conclusións	Páx. 25



I. INTRODUCCIÓN



Introdución

Principais resultados do estudo “Galicia. A nosa economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia”, edición 2024.

Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

Incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Marco estratéxico: Estratexia Galicia Dixital 2030.

Obxectivos

Analizar en detalle, información cuantitativa do nivel de dixitalización, uso das TIC e do comercio electrónico de microempresas e das empresas de 10 e máis traballadores/as en Galicia.

Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030.


Fonte de Información

Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE). Foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre Amtega, o IGE e o INE.

II. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO



Caracterización do Sector empresarial galego



O total de empresas galegas durante o ano 2024 acada as 185.554 (+0,2% respecto ao 2023). A gran maioría son microempresas (95,8%), que teñen por tanto de 0 a 9 empregados/as.

A provincia onde se sitúa a sede de máis empresas é A Coruña, cun 41,4% e Pontevedra, co 35,2%.

Localización da sede das Empresas


(Total de Empresas)

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	73.606	3.237	76.843
LUGO	21.688	822	22.510
OURENSE	20.163	692	20.855
PONTEVEDRA	62.389	2.957	65.346
TOTAL	177.846	7.708	185.554

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

Distribución das empresas segundo número de traballadores/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

Caracterización do Sector empresarial galego




A gran maioría de empresas encádrase no sector Servizos, que abrangue ao 81% das empresas galegas.

O 58,9% teñen a consideración de "persoa física".

Actividade das Empresas


(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024



Forma Xurídica das Empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024


III. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE



Equipamento

Empresas que dispoñen de ordenadores

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)



Empresas que dispoñen de ordenadores

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)




No 2024, os ordenadores están presentes na práctica totalidade de empresas de 10 ou máis empregados/as e no 84,6% das microempresas, mantendo a tendencia observada nos últimos catro anos.

Contratación de Internet

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)



Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)




A contratación da internet no 2024, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as.

Nas microempresas galegas, a porcentaxe de contratación da internet sitúase no 80,9%, mantendo a tendencia que ven presentando nos últimos catro anos.

Velocidade de conexión contratada

Velocidade contratada

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2024)




Evolución da velocidade contratada: 0 a 9 empregados/as

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet e banda larga fixa)



Evolución da velocidade contratada: 10 ou máis empregados/as

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con sede e actividade en Galicia conexión a Internet e banda larga fixa)



A porcentaxe de empresas cunha velocidade de conexión a internet igual ou superior a 100 Mbps aumentou en 2 puntos, pasando do 81,3% ao 83,3%.

Este crecemento é especialmente significativo nas microempresas. Neste segmento, a proporción de empresas con velocidades superiores a 100 Mbps medrou un notable 17,7%, ao pasar do 58,9% ao 69,3% nun só ano.


IV. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC



Talento Dixital: Especialistas e Perfís TIC

Empresas que empregan especialistas TIC


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)


O 20,5% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia conta con perfís TIC, superando a media estatal (15,7%) en 4,8 puntos porcentuais.

Entre esas empresas, un 52,5% emprega mulleres especialistas TIC, cifra moi superior á media estatal, que queda no 41,9%.




Empresas que empregan mulleres especialistas TIC

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2024)


V. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS EMPRESAS



Páxina Web e Medios Sociais

Dispoñibilidade de Páxina Web

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)




A dispoñibilidade de páxina web, tanto nas empresas galegas como nas estatais, incrementase no último ano. Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as teñen web propia o 81,4% e a media estatal é do 81,8%.

O uso de medios sociais sitúase nun 31,1% nas empresas de 0 a 9 traballadores e 64,3% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.

Empresas que utilizaron medios sociais, 10 ou máis empregados, evolución do indicador


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

Empresas que utilizaron medios sociais, 0 a 9 empregados, evolución do indicador

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

Comercio Electrónico

Evolución das
ventas a través de
Internet

Vendas

Nas empresas de 10 ou máis
traballadores/as con
actividade en Galicia
evolución

-6,7%
no último ano

Vendas

Nas microempresas
microempresas galegas


+5,9%
no último ano



As cifras de vendas mediante comercio electrónico mantéñense en porcentaxes moi similares ás do ano anterior. O cambio máis destacable é o aumento na porcentaxe con vendas das empresas de 0 a 9 empregados, que pasa dun 11,8% a un 12,5% (+5,9%).

Porcentaxe de empresas que realizaron Vendas por Internet no último ano


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

Porcentaxe de empresas que realizaron compras por Internet no último ano

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

VI. TECNOLOGÍAS DISRUPTIVAS




Intelixencia Artificial (IA).



O 13,1% das empresas con 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia usan Intelixencia Artificial, superando en 3,5 puntos porcentuais a media estatal.

No último ano, nas microempresas, o uso da IA subiu do 2,2% ao 5,3% no conxunto das empresas.

As solucións de IA máis empregadas polas empresas grandes con actividade en Galicia son a análise de datos mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis demandada é *conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina*.




Fonte: INE (2024)



Solucións de IA máis utilizadas polas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)



Fonte: INE (2024)

Cloud Computing

No 2024, a contratación de servizos de Cloud Computing nas grandes empresas sitúase por riba do 30%, máis frecuente nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia onde acada o 36,1%, por riba da media estatal (31,7%).


Nas empresas de 10 ou máis asalariados/as con actividade en Galicia que compraron servizos de Cloud Computing, as solucións máis empregadas son as de correo electrónico, acadando máis do 89% das compras, seguido do almacenamento de ficheiros en máis do 80% das empresas.

A solución de Cloud Computing máis destacada nas empresas con menos persoal é o almacenamento de ficheiros (92,7%).



Compra de Servizos de Cloud Computing

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)



Solucións de Cloud Computing

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que compraron algún servizo de Cloud Computing)




Fonte: INE (2024)

VII. CIBERSEGURIDADE



Política de Seguridade

Empresas con medidas de seguridade TIC
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)


As grandes empresas galegas continúan lideran o uso de medidas de ciberseguridade fronte ás microempresas, cun incremento do 4,1% nos últimos dous anos no número de empresas con 10 ou máis empregados que contan con sistemas de seguridade TIC, ata o 91,9%.

As medidas de seguridade TIC empregadas con maior frecuencia polas empresas galegas, grandes e pequenas, son a copia de seguridade de datos nunha localización separada e unha autenticación mediante contrasinal forte e o control de acceso á rede.



Tipoloxía de medidas de seguridade

(% sobre o total de empresas que empregan algunha medida de seguridade TIC)



Fonte: INE (2024)

VIII. GASTO EN TIC




Gasto en TIC



Gasto en TIC das empresas durante o ano 2023

(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

Durante o ano 2023, tanto as microempresas coma as empresas de 10 e máis empregados/as, destinan máis orzamento TIC ao gasto en seguridade que en IA. Nas primeiras, o gasto supera en seguridade supera os 51 millóns, mentres que nas empresas de 10 ou máis traballadores/as e actividade en Galicia superan os 859 millóns.

O gasto en Intelixencia Artificial é maior nas grandes empresas que nas microempresas galegas.

IX. CONCLUSIONES



Conclusións



O número de empresas en Galicia no **2024** é de 185.554, das cales un 95,8% son microempresas (de 0 a 9 traballadores/as).

Incrementábase nun 17,7% a porcentaxe de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede e actividade en Galicia que teñen velocidade contratada maior o igual que 100 Mb/seg, pasando do 58,9% ao 69,3% das empresas no último ano .




A porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as que dispoñen de páxina web é do 81,4%.

O 31,1% das microempresas galegas ten presenza nas redes sociais, e o 64,3% no caso das empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia, cunha evolución estable.



No 2024, as cifras de vendas mediante comercio electrónico mantéñense en porcentaxes moi similares ás do ano anterior. O cambio máis destacable é o aumento na porcentaxe con vendas das empresas de 0 a 9 empregados, que pasa dun 11,8% a un 12,5% (+5,9%).



O 13,1% das empresas con 10 ou máis traballadores/as que teñen sede ou desenvolven actividade en Galicia fan uso da Intelixencia Artificial, superando claramente a media estatal (9,6%).

No ano 2024, a contratación de servizos de Cloud Computing nas empresas galegas con 10 ou máis empregados/as incrementouse nun 14,1%, chegando ao 36,1 % e situándose por enriba da media estatal, que está no 31,7 %.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Máis información: www.osimga.gal